



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 7 de agosto de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA ACCIDENTAL

DONA M^a ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA ACCIDENTAL

DONA ROSA M^a OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 7 de agosto de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 31/07/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3620

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade **Centro Comercial Aberto “Zona Aberta”**, para a concesión dunha subvención, por importe de 15.000,00 €, con cargo á partida 4311-48501, coa finalidade de financiar os gastos das campañas e fomento do comercio local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2017/3622

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público e Mantemento ,a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a reforma do pozo de bombeo Campanario-Bamio, por un importe total de 1.545,17€ (IVE incluído), con cargo á partida 161.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (proxecto 2 nº 04/08/14 -04/08/16)



PRP2017/3624

Vista a proposta da Encargada do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Bata Servizos Integrales a la Comunidad S.L. por importe de 7.500,00€, con cargo ás partidas 171-22799 e 231-22799. Para a prestación de servizos vencellados a traballos de limpeza e conservación dos parques dentro do termo municipal.

PRP2017/3625

Vista a proposta do enxeñeiro informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de alta na plataforma de intermediación consulta on line de datos ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

PRP2017/3626

Vista a proposta do Enxeñeiro informático para aprobar o mantemento do Sistema de Almacenamento EMC VNX 5200 para o ano 2017-2018. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adxudicación á empresa Periféricos y Memorias España S.L., do servizo de mantemento Enhanced IPM Service para o sistema de almacenamento EMV VNX 5200 por un importe de 10.861,99€, con cargo á partida 9201-22706., para o período de 29 de xuño de 2017 ao 29 de xuño de 2018.

PRP2017/3627

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Taelpo, S. Coop**, para o subministro de elementos para emisoras (15 baterías lithium ion, 10 antenas flexibles, 4 baterías KNB-55IM, para reposición de elementos, por un importe total de 2.014,65€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.213.

PRP2017/3629

Dáse conta do acordo asinado entre o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e o Concello de Vilagarcía para incentivar e ampliar as actividades en materia de desenvolvemento sostible, por importe de 9.000,00€. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3630

Dáse conta do contrato de aluguer remitido por ADIF do local sito na Avda Rosalía de Castro s/n destinado ao museo do ferrocarril. Con unha vixencia de 4 anos dende o 01/05/2017 ao 30/04/2021, cun custe anual de 1.840,00€ (ive excluído). A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3636

Visto o escrito de D. José Antonio Rodríguez Estepa e/n **Fotografía Bianca** solicitando autorización para instalar unha exposición de fotografías que leva a cabo polas festas. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- De cara ó tráfico informase de xeito favorable. Para a instalación o lugar máis axeitado é a rúa Méndez Núñez, onde se instala de forma habitual. Non é posible a súa instalación os días 15 e 16 de agosto, a instalación autorízase do 17 ó 30 de agosto.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3637

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión á plataforma electrónica GEISER/ORVE que permite o acceso ao Sistema de Intercambio de Rexistros da Secretaría de Estado de Función Pública do Ministerio de Facenda e Función Pública.

PRP2017/3638

Vista a solicitude de **Servicio, Cultura, Deporte E Recreación, S.L.**, solicitando a revisión de prezos da Piscina Cuberta Municipal para o ano 2017, conforme ó incremento do I.P.C., e o acordo da Xunta Rectora Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 6 de xuño de 2017, así como o informe da Interventora/Delegada da Fundación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a proposta de revisión de prezos, conforme ós incrementos presentados na mesma, dando a suma total do incremento a aplicar do 1,5%(I.P.C. dende o último período revisado, xaneiro 2013 ata xaneiro 2017).

Segundo: Que se proceda á revisión do Canon, conforme ó incremento presentado na proposta, o que supón un incremento total do 1,5%, quedando fixado en 1.532,02€.

Terceiro: Estimar a reclamación do erro aritmético atopado na revisión do exercicio 2011, que da unha diferenza de 25,97€.

PRP2017/3669

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais para aprobar o acondicionamento de aparcadoiro disuasorio de Carril e o Piñeiriño e o Transporte de material dende o Punto limpo de Pinar do Rei. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de 100 horas de servizo de camión bañeira para o transporte de material dende o punto limpo ata os aparcadoiros disuasorios por importe de 45 euros/hora (ive excluído) e a contratación de 5 días dun rodillo compactador por importe de 100 euros/día (IVE excluído) Importe total estimado IVE excluído: 5.000,00€ con cargo á partida 453-210, á empresa Multiservicios Contucho, S.L

PRP2017/3670

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Oziona Soluciones de Entretenimiento, S.L.**



para o subministro dun “Tobogan dobre”, para instalar no Parque infantil Miguel Hernández, por un importe total de 1.089,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3656

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de xullo de 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigación a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 27.738,82€ con cargo á partida 323.48007.

PRP2017/3678

Ao abeiro do convenio de colaboración entre o IGVS e a FEGAMP para o desenvolvemento do Programa Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, aluguer e Mellora do Acceso á Vivenda 2015-2020 (Plan Rehavita) e a adhesión ao mesmo por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa a través do convenio asinado o día 23 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases Reguladoras do Programa Vivendas Baleiras do Concello de Vilagarcía de Arousa e Anexos I, II e III (solicitude de incorporación, inscrición rexistro de demandantes e contrato de arrendamento respectivamente)

Emprego

PRP2017/3657

Dáse conta de escrito do **Servizo de Emprego e Formación, da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar**, comunicando o informe favorable da Comisión Central de Valoración á solicitude FORME 17 presentada polo Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Concellería de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar que as especialidades e número de alumnos deste Obradoiro son:

- Traballos de carpintería e moble (10 alumnos)
- Operacións de fontanería e calefacción e/ou climatización doméstica (10 alumnos)

Acórdase así mesmo a designación de Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e Dona Sonia Santos Castiñeira como representantes do Concello no Grupo de Traballo Mixto, Concello/Xunta que realizará a selección do persoal do proxecto e de D. Francisco Guillán Busto e D. Ricardo Pichel Prego como Suplentes.



PRP2017/3658

Dáse conta de escrito do **Servizo de Emprego e Formación, da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar**, comunicando o informe favorable da Comisión Central de Valoración á solicitude “LABOR@XOVEN 17” presentada polo Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e visto o informe da Concellería de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar que as especialidades e número de alumnos deste Obradoiro son:

- Operacións auxiliares na organización de actividades e funcionamento de instalacións deportivas (7 alumnos).
- Socorrismo en espazos acuáticos (8 alumnos)

Acórdase así mesmo a designación de Dona M^a Jesús Fole Gómez-Ricoy e Dona Sonia Santos Castiñeira como representantes do Concello no Grupo de Traballo Mixto, Concello/Xunta que realizará a selección do persoal do proxecto e de D. Francisco Guillán Busto e D. Ricardo Pichel Prego como Suplentes.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/3659

Dáse conta da proposta do Director da Escola Municipal de Música para nomeamento como funcionario/a interino/a por programa temporal vencellada ao programa temporal “Curso 2017-2018 da Escola de Música Municipal e creación dunha nova bolsa de traballo para a contratación dun/ha mestre/a da especialidade de música e movemento.

Visto o informe do Negociado de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento dun/dunha mestre de Percusión por un total de 14 horas/semana, e dun /dunha mestre de Frauta Traveseira por un total de 15 horas/semana para o programa temporal do Curso 2017/2018 que se iniciará o vindeiro 1 de setembro ata o 31 de xullo de 2018, dos candidatos existentes na bolsa de traballo.

Así mesmo acórdase a creación dunha nova bolsa de traballo para a contratación dun/dunha mestre/a da especialidade de Música e Movemento, por un total de 9 horas/semana.

Dar conta ao Negociado de Recursos Humanos.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/3661

Visto o escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación ó expediente sancionador nº PO-RES-2016-141, por denuncia formulada pola Unidade de Policía adscrita á Comunidade autónoma de Galicia, contra este Concello nunha inspección realizada no Punto Limpo de Vilagarcía de Arousa, e concedendo un prazo para formular alegacións.

A Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das alegacións xa formuladas por este Concello con data 14-11-2016, acorda comunicar ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental que as obras de acondicionamento e mellora do punto limpo de Pinar do Rei duraron máis do previsto, o que impediu que con data 27 de marzo de 2017, estiveran corrixidas as deficiencias denunciadas. No obstante, unha vez rematadas as obras, ditas deficiencias foron solventadas, e así se pon de manifesto na inspección da instalación realizada o 9 de xuño de 2017 por parte do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial de Pontevedra, en relación coa solicitude de autorización ó Concello de Vilagarcía de Arousa como xestor de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos (punto limpo) e



inscrición no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia. En dita inspección non se atopou incumprimento algún que impedise a concesión da autorización solicitada, e, de feito, con data 06 de xullo de 2017 concedeuse a autorización do Punto Limpo por Resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

En atención ao exposto solicítase se deixe sen efecto e se archive o expediente sancionador nº PO-RES-2016-141.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Sanidade

PRP2017/3664

Dáse conta da solicitude da Coordinadora do SPAD para aprobar a solicitude de subvención para o programa de prevención de Drogodependencias e Condutas aditivas promovido por unha agrupación de Concellos (Vilagarcía de Arousa, Cambados, Meis e Ribadumia), na convocatoria de axudas o abeiro da orde da Consellería de Sanidade do 26 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a solicitude de subvención para o proxecto de actuación promovido pola citada agrupación de Concellos, que será realizado durante o período de 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2019, solicitándose a cantidade de 125.955,71€.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/3665

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación do convenio con AGADIC de programación do 2º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2017: Programación, , con un importe a asumir polo Concello de 8.905,55€ con cargo á partida 334.22609. Coa seguinte desagregación:

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	IMPORTE AGADIC	IMPORTE CONCELLO
EME2 EMOCION&ARTE	GET BACK	5.699,00	
IBUPROFENO TEATRO	RACLETTE	3.206,55	1.040,55
YLLANA	YLLANA 25		7.865,00

PRP2017/3666

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvencións públicas coa **Empresa Revenidas, S.C.**, por un importe de 28.491,31 €, con cargo á partida 334.479, que ten por obxecto subvencionar a 14 edición de Revenidas 2017, que se celebrará no mes de agosto de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3667

Dáse conta para a súa posterior sinatura, do Convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Entidade Fundación Bancaria "La Caixa", co fin de establecer un



marco de colaboración para favorecer o desenvolvemento das distintas actividades de carácter social para o proxecto solidario Festiclown 2.0.

Comprometéndose o Concello a difundir a colaboración nos documentos e actos de difusión das actividades realizadas con cargo a dotación efectuada por esta.

A aportación económica por parte da entidade fundación bancaria La Caixa, será de 12.000,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

PRP2017/3668

Vista a solicitude de D. Ramón Somoza Rodríguez, en representación da **Comisión de Festas San Ramón e Sta. Plácida**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Ramón e Sta. Plácida días 3, 4 e 5 de setembro de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Cortegada (Coral), por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3671

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de marzo de 2017, acordouse aprobar a Memoria Valorada realizada polo Arquitecto Municipal, da obra denominada "Pintado da Gardería Municipal. Vilagarcía de Arousa" con cargo á subvención do Plan Provincial de Obras e Servizos 2017 dentro da liña 2, concedida por Resolución Presidencial en data 25/05/2017.

Tódolos licitadores invitados presentaron oferta. Unha vez abertos os sobres da oferta, o resultado foi o seguinte:

Licitador	Oferta (sen IVE)	Oferta (IVE engadido)	Melloras	Observacións
Pinturas Chiky y Nietos, S.L	22.787,00 €	27.572,27 €	Non presenta	
Adrián Paz Fernández	17.000,00 €	20.570,00 €	Oferta o pintado de valado e portas en peche exterior de parcela da gardería nas condicións propostas polo Concello como licitador.	
Reformas Trébol, S.L	18.742,45 €	22.678,36 €	Revestimento de peche metálico exterior de parcela, valado e portas, con pintura ó esmalte sintético a base de poliuretano cor verde, limpeza previa da superficie, aplicación dunha man de imprimación e unha de acabado aplicadas con brocha ou rolo.	En orzamento detallado que achega, figuran 290 m ² de revestimento de peche metálico. Na parte dianteira do orzamento detallado figura o importe de 22.678,36 € (IVE inc.), nembargantes, na parte posterior donde aparece asinado polo representante da empresa, figura en letra a cantidade de "veinte mil setecientos sesenta e seis euros con tres céntimos (20.766,03 €)
Carlos Balsa Pintura y Decoración (Carlos Balsa del Río)	19.645,83 €	23.771,45 €	Revestimento de peche metálico exterior de parcela, valado e portas, con pintura ó esmalte sintético a base de poliuretano cor verde, limpeza previa da	



			superficie, aplicación dunha man de imprimación e unha de acabado aplicadas con brocha ou rolo (290 m ²)	
--	--	--	--	--

Seguindo os criterios de valoración das ofertas presentadas resultou o seguinte:

LICITADOR	PUNTOS OFERTA ECONOMICA	PUNTOS MELLORAS	TOTAL PUNTOS
Pinturas Chiky Nietos, S.L.	0,007	0	0,007
Adrián Paz Fernández	30	70	100
Reformas Trébol, S.L.	20,97	70	90,97
Carlos Balsa - Pintura & Decoración	16,29	70	86,29

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Que se adxudique o contrato de obras denominado “Pintado da Gardería Infantil Municipal. Vilagarcía de Arousa”, **á don Adrián Paz Fernández. (35.482.020N)**, por un importe de 17.000,00€ (IVE excluído), ó que lle corresponde un IVE (21%) de 3.570,00 € ó que totaliza un prezo (IVE engadido) de 20.570,00 €, ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o concello. Partida 323-212. (Prox. (3) 1/32/2017)

PRP2017/3672

Vista a proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado “Mellora bombeo e impulsión de augas residuais e conexión de colector en Rúa Sobreiral na parroquia de Cea”, redactado polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Alvarez González, cun importe (IVE excluído) de 62.156,33€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 13.052,83€, o que totaliza un importe de licitación de 75.209,16€ (IVE engadido), con cargo á partida 161-62900 (Prox. (2) 4/19/2016).

PRP2017/3674

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a Memoria valorada denominada “Obras de mantemento e mellora no Centro Cultural dos Borrizos. Cornazo”, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe (ive excluído) de 27.826,89€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.843,65€, o que totaliza un importe de licitación de 33.670,54€(ive engadido) con cargo á partida 334-63200. (Prox. (2)5/22/16)

PRP2017/3675

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a Memoria valorada denominada “Obras de mantemento e mellora no Centro Cultural de Sobradelo”, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe (ive excluído) de 12.614,17€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.648,98€, o que totaliza un importe de licitación de 15.263,15 (ive engadido) con cargo á partida 334-63200. (Prox. (2)4/22/16)



Concello de
Vilagarcía de Arousa

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B

PRP2017/3681

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado “Desvío canalizacións no entorno da rúa Miramar Vilaxoán”, redactado polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes, redactado polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes, cun orzamento de licitación de 150.000,00 €.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:10 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.